

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 29/01/2019 e que literalmente transcrito di:

“Mediante resolucións da alcaldía-presidencia de data 23/02/2018 apróbanse as bases para a selección de persoal funcionario interino por programas para o desenvolvemento do programa Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) “Ría de Ferrol, Cidade 2020” cofinanciado nun 80% mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

Por mor dun erro en distintas resolucións do expediente recóllese a denominación seguinte:

“Desenvolvemento urbano sostible e integrado (DUSI) Ria de Ferrol 2020”.

A denominación correcta do proxecto sería:

Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) “Ría de Ferrol, Cidade 2020” cofinanciado nun 80% mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

Asi mesmo nas bases da convocatoria recóllese:

Resolución da Secretaria de Estado de Presupostos e Gastos, BOE 25 de xullo 2017, pola que se conceden axudas en segunda convocatoria para a selección de estratexias de desenvolvemento urbano sostible e integrado, sendo entregado o Manual de procedemento o pasado 25 de setembro. No antedito Manual determínase a equipa de traballo, consignando o persoal de nova contratación/nomeamento con cargo ao 4% da financiación FEDER.

Nas ditas bases debería figurar:

Resolución da Secretaria de Estado de Presupostos e Gastos, BOE 25 de xullo 2017, pola que se conceden axudas en segunda convocatoria para a selección de estratexias de desenvolvemento urbano sostible e integrado, sendo entregado o Manual de procedemento o pasado 25 de setembro. No antedito Manual determínase a equipa de traballo, consignando o persoal de nova contratación/nomeamento con cargo aos gastos de xestión (ata o 4% do gasto total subvencionable).

A rectificación de erros nos actos administrativos regúlase no artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas que literalmente di o seguinte: “2. *Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.*”

Polo exposto propónse a adopción das seguintes resolucións:

Primeira: Rectificar as distintas resolucións do procedemento no seguinte sentido:

Onde di:

Desenvolvemento urbano sostible e integrado (DUSI) Ria de Ferrol 2020

Una manera de hacer Europa

Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER)

Debe dicir:

Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) “Ría de Ferrol, Cidade 2020” cofinanciado nun 80% mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

Segunda: Rectificar as resolucións das bases da convocatoria no seguinte sentido:

Onde di:

Resolución da Secretaria de Estado de Presupostos e Gastos, BOE 25 de xullo 2017, pola que se conceden axudas en segunda convocatoria para a selección de estratexias de desenvolvemento urban sostible e integrado, sendo entregado o Manual de procedemento o pasado 25 de setembro. No antedito Manual determínase a equipa de traballo, consignando o persoal de nova contratación/nomeamento con cargo aos gastos de xestión (ata o 4% do gasto total subvencionable).

Debe dicir:

Resolución da Secretaria de Estado de Presupostos e Gastos, BOE 25 de xullo 2017, pola que se conceden axudas en segunda convocatoria para a selección de estratexias de desenvolvemento urban sostible e integrado, sendo entregado o Manual de procedemento o pasado 25 de setembro. No antedito Manual determínase a equipa de traballo, consignando o persoal de nova contratación/nomeamento con cargo aos gastos de xestión (ata o 4% do gasto total subvencionable).

Non obstante vostede resolverá.”

Examinada asimesmo a documentación que o acompaña

DECRETO.- Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

Ferrol,
O alcalde

Dou fe,
O secretario xeral